

II CICLO DE CONFERENCIAS "BIOESTADÍSTICA PARA VIVIR"



REDE GALEGA
INBIOEST



FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL
"Creando oportunidades de hacer Europa"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Complexo Hospitalario
Universitario de
Santiago de Compostela

RELACIÓN DE PONENTES PARTICIPANTES

Pedro Diz Dios

Área de Estomatoloxía. Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas-USC.

Pedro Diz é licenciado en Medicina e Especialista en Estomatoloxía pola USC. Doutor en Medicina pola Universidade de Freiburg (Alemaña). É Catedrático vinculado (USC-SERGAS) e Director da Unidade de Odontoloxía para persoas con Necesidades Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC. Foi director do departamento de Estomatoloxía da USC e é membro do consello de dirección da International Association for Disability and Oral Health . É Profesor visitante da Universidade de Londres. É editor xefe da revista Special Care in Dentistry, e editor asociado das revista Oral Diseases, e Medicina Oral Cirugía Oral y Patología Bucal.

Arturo González Quintela

Área de Medicina Interna. Departamento de Medicina-USC.

Arturo González Quintela é licenciado en Medicina pola USC é Master en Estatística e Deseño de Estudos en Ciencias da Saúde. Exerceu profesionalmente como Médico Interno Residente (Medicina Interna) no Hospital Puerta de Hierro de Madrid (1984-1990), como Facultativo Especialista de Área (Medicina Interna) no Hospital Juan Canalejo (A Coruña) (1991), como Facultativo Especialista de Área (Medicina Interna) no Hospital Xeral (Santiago) (1992-1997), como Xefe de Sección e Xefe de Servizo no Complexo Hospitalario Universitario (Santiago) (1997-2011). É Catedrático da Facultade de Medicina da USC (Departamento de Medicina, Santiago de Compostela) (2011-).



II CICLO DE CONFERENCIAS "BIOESTATÍSTICA PARA VIVIR"

Carola Gómez Rodríguez

Área de Ecoloxía Departamento de Zooloxía e Antropoloxía Física-USC.

Carola Gómez-Rodríguez é membro do Laboratorio de Biogeografía e Sistemática Molecular (BIBICI-USC) e a súa investigación céntrase en atopar novos patróns macroecolóxicos e macroevolutivos que permitan discernir os procesos que gobernan a diversidade biolóxica. É Licenciada en Ciencias Ambientais (Universidade de Salamanca), realizou a tese na Estación Biolóxica de Doñana (CSIC) e, durante a súa etapa postdoctoral, traballou para a Comisión Europea na Implementación da Directiva Marco do Auga e no Museo de Historia Natural de Londres.

Carlos Lago Penas

Área de Deportes. CC. de la Actividad Física e do Deporte da Universidade de Vigo.

Carlos Lago Penas é profesor Titular na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo. É autor de varios libros e numerosas publicacións en revistas internacionais sobre a análise do rendemento no fútbol. Participa como profesor en distintos Másters e Cursos de Especialización en adestramento deportivo. Exerce como asesor e analista en diferentes clubs profesionais.

Fernando Muñoz Guzón

Área de Veterinaria Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias-USC.

Fernando Muñoz Guzón é profesor Contratado Doutor na Facultade de Veterinaria de Lugo. Participou en 8 proxectos de investigación de programas nacionais e autonómicos sobre avaliación in vivo de biomateriales ou histometría ósea. Colabora en ensaios preclínicos e na avaliación de biomateriales e implantes dentais con numerosos grupos de investigación nacionais e estranxeiros. Autor de 51 publicacións indexadas en JCR relacionadas co tema.